



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA CON DATA 27.03.2019 RELATIVA AO CONTRATO DE PAVIMENTACIÓNS EN SAN XURXO, CUTIÁN, ATALAIA E VIASCÓN E PAVIMENTACIÓN VILA DE RIBA

Con data do 27.03.2019, cando son as 13:00 horas, reúnen-se na sala de concelleiros da Casa Consistorial do Concello de Cerdedo-Cotobade, os membros da mesa de contratación correspondente ao contrato de obra **“PAVIMENTACIÓNS EN SAN XURXO, CUTIÁN, ATALAIA E VIASCÓN E PAVIMENTACIÓN VILA DE RIBA”** coa composición establecida no prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato e na resolución de inicio do expediente, estando presente como Presidente, D. Jorge Cubela López, Presidente do Concello de Cerdedo-Cotobade, e como vogais: D^a Jeanett López Fernández, Secretaria accidental do Concello de Cerdedo-Cotobade, D^a Sonia David Cortegoso, Interventora do Concello de Cerdedo-Cotobade, D^a Ana Dolores Jorge Simal, funcionaria do Concello, D. Andrés Rodríguez Castro, en substitución de D^a María Regina Sobral Fraguas, vogal do Concello do PsdG-PSOE, D. José Luís Barros Sousa, Técnico municipal e D. Francisco Javier Dapena Galindo que actúa na súa calidade de Secretario da Mesa de Contratación.

Requerida xustificación das ofertas que incorrían en presunción de temeridade na data do 08.03.2019, as empresas Narom S.L., e Nexia Infraestructuras; no lote 1, e Narom S.L. no Lote 2, ditas empresas presentaron a xustificación das súas ofertas na data do 13.03.2019.

Solicitouse ao técnico municipal que informara ditas xustificacións, o que fai no seu informe de data 25.03.2019 co seguinte contido literal:

“EXPEDIENTE 249/2019.

Con data do 07.03.2019, procedeuse a materialización da correspondente mesa de contratación coa apertura das ofertas económicas, con posterioridade a realización da mesa de apertura da documentación administrativa, todo ilo referente a seguinte obra:

“PAVIMENTACIÓNS EN SAN XURXO, CUTIÁN, ATALAIA E VIASCÓN E PAVIMENTACIÓN VILA DE RIBA”

Nº Lote	BASE IMPONIBLE	IVE	TOTAL LOTE
Lote 1: Pavimentacións en San Xurxo, Cutián, Atalaia e Viascón	87.570,80€	18389,87€	105.960,67€
Lote 2: Pavimentación Vila de Riba	45.136,32€	9.478,63€	54.614,95€

distribución dos lotes

LOTE 1:

PAVIMENTACIÓN SAN XURXO

Procedemento de adxudicación:

De conformidade co disposto no artigo 159.1.b) LCSP, o contrato adxudicárase por procedemento **aberto simplificado** e levará a cabo atendendo a unha pluralidade de criterios de adxudicación mediante a súa división en lotes.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



EMPRESA	PREZO	GARANTIA	MELLORA 1	MELLORA 2	MELLORA 3	MELLORA 4	MELLORA 5	MELLORA 6	MELLORA 7
CONSTRUCCIONES PEREZ	99.444,09 €	3 SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA	100.440,12 €	2 NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON
E.C.CASAS SL	89.218,89 €	3 SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI
MARCONSA	96.811,72 €	3 SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI
COVIASSTEC SL	93.568,56 €	3 NON	SI	SI	NON	SI	SI	NON	NON
CALDEVERGAZO SL	105.028,00 €	3 SI	SI	SI	NON	SI	SI	NON	NON
NAROM SL	79.364,54 €	3 SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI
NEXIA INFRAESTRUCTURAS	82.027,57 €	3 SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI

Como se observa no cadro anterior presentáronse 8 empresas:

Construcciones Perez; Obras e Saneamento Galicia; E.C Casas SL; Marconsa; Coviastec sl; Caldevergazo sl; Narom SL; Nexia.

Orzamento de licitación **105.960.67€**, segundo o proxecto. (base imponible 87.570,80€, IVE: 18.389,87€)

Código/s CPV: 44113320-4

Prazo de execución: 30 días

Criterios:

-Prezo

-Ampliación do prazo de garantía

-Melloras

Oferta Económica. (segundo Anexo II)

-Ampliación do prazo de garantía (segundo Anexo II) Non se terá en conta a ampliación do prazo de garantía por enriba dos tres anos (Un ano establecido polo prego e dous anos mais ofertables polas empresas).

-Melloras (segundo Anexo II).

INFORMO:

Que como resultado da correspondente mesa de contratación, conclúise que as ofertas presentadas polas empresas Narom sl e Nexia Infraestructuras, poden ser consideradas desproporcionadas ou anormais de conformidade co establecido no art. 149.4 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector publico, neste senso compre indicar o seguinte:

4. Cando a mesa de contratación, ou no seu defecto o órgano de contratación identificase unha ou varias ofertas incursas en presunción de anormalidade, deberá requirir ao licitador ou licitadores que as presentaron dándolles prazo suficiente para que xustifiquen e desagreguen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, ou de custos, ou calquera outro parámetro en base ao cal se definiu a anormalidade da oferta, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes a estes efectos.

A petición de información que a mesa de contratación ou, no seu defecto, o órgano de contratación dirixa ao licitador **deberá formularse con claridade de maneira que estes estean en condicións de xustificar plena e oportunamente a viabilidade da oferta.**

Concretamente, a mesa de contratación ou no seu defecto o órgano de contratación poderá pedir xustificación a estes licitadores sobre aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos da mesma e, en particular, no que se refire a os seguintes valores:



CONCELLO DE CERDEDO - COTOABADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotoabade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotoabade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



- a) *O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.*
- b) *As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras*
- c) *A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.*
- d) *O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201.*
- e) *Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.”*

Na data 13/03/2019 con nº de rexistro de entrada 106, a empresa licitadora **NAROM SL**, presentou a xustificación da súa oferta inicialmente temeraria, nos seguintes termos:

1º presenta un listado de obras semellantes executadas para concello, Xunta e Ministerios nos últimos anos cun importe total de 18.791.962,36€.

Neste senso queda sobradamente xustificada a capacidade para a execución da obra, licitada.

2º presenta documentación acreditativa da súa clasificación empresarial, así como a disposición dun sistema integral de xestión, conformado pola ISO 9001-2015, a ISO OHSAS 18001-2007, así como a 14001-2015.

Presenta certificados de conformidade dos produtos que produce nas súas plantas (aglomerados asfálticos.

Polo que queda xustificada unha xestión axeitada do proceso construtivo. (xustifícase o apartado **d**) anterior.

3º En cato o establecido no apartado **a**) O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.

A empresa dispón de maquinaria propia, así como plantas de aglomerado asfáltico, polo que desta parte permítelle dispor dun aforro considerable, compre indicar ademais que os desprazamentos para esta obra non superan os 70km, polo que se admite este parámetro como válido para xustificar o aforro.

Neste senso axuntase unha listaxe de toda a maquinaria que a empresa dispón e que pode poñer a disposición da obra, estando toda ela en propiedade.

En canto ao apartado **b**) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras, respecto das condicións excepcionais favorables poderíamos indicar que dispón de planta de aglomerado propia, ademais axunta un listado de prezos de materiais, que lle permiten acadar prezos competitivos, como os que establecen na oferta.

Axuntan ofertas e compromisos das seguintes empresas as cales lle subministraran os materiais para esta obra: SECIL. (FORMIGÓN).

CALDENSA(FILLER CALIZO).

SANIPLAST(TUBARIAS DE PVC).

ÁRIDOS DE ATIOS SL(ÁRIDOS DE DISTINTOS DIÁMETROS).

ÁRIDOS MENDO SL (ÁRIDOS)

REPSOL(BETUN MELLORADO)



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



VOTORANTIM (FORMIGÓN).
ABN PIPE SLU(TUBARIAS).

Compre indicar que igualmente a empresa xustifica os seguintes puntos de forma axeitada:

Beneficio da obra establece un 6%, neste caso mantén o beneficio do proxecto , o cal podería baixar, pero deciden mantelo con fin de conservar os postos de traballo fixos de plantilla.

Os gastos xerais os manteñen como os do proxecto, igualmente os poderían baixar, pero considerando a numerosa maquinaria propia, e a posible produción propia do aglomerado non precisan modificar esta porcentaxe.

Manteñen os custes indirectos, a dirección de obra, os medios auxiliares conservan os do proxecto, reservándose un 2% para control de calidade.

Os custes de materiais os axustan aos prezos que dispoñen e xustifican.

Os custes de maquinaria ao dispor dela poden acadar unha rebaixa do 75%.

En relación a man de obra conserva a porcentaxe establecido no proxecto incluso en casos a aumenta para así recompensar os traballo dos seus operarios.

En resumo modifican os prezos das partidas mais importantes, sendo suficiente para acadar a oferta presentada.

Por ultimo axunta unha descomposición da oferta en base a tódolos parámetros expostos.

Compre indicar que analizando a descomposición o técnico que informa non advirte prezos que poidan poñer en perigo a realización da obra, ademais no resumo da xustificación acadase un sumatorio de 78.507,35€, sendo a oferta presentada 79.364,54€.

En relación á xustificación requirida a **Nexia infraestruturas**, compre indicar o seguinte:

Na data 13/03/2019, con nº de rexistro de entrada 106, axuntouse a correspondente da oferta presentada, catalogada inicialmente como desproporcionada ou temeraria de importe **82.027,57€.(Baixa 22,58%)**

Axuntase unha relación do obras semellantes realizadas nas ultimas datas alcanzando un importe de **2.633.847,66€.**

Acompáñanse os certificados de clasificación empresarial.

Faixe indicación da posesión dunha planta de aglomerado, o que permite un control exhaustivo dos parámetros de calidade e permite garantir un Suministro das mezclas bituminosas para un correcto e rápido desenrolo das obras.

Compre indicar ademais que dispoñen de acordos comerciais para materiais e materias primas que lle permite acadar os prezos establecidos na oferta.

Axunta un listado de maquinaria en propiedade, axeitada para este tipo de obras de aglomerado asfáltico. O que lle permite minorar os custes polo transporte así como a execución das distintas unidades de obra.

Axuntanse cartas de compromiso das seguintes empresas colaboradoras e suministradoras:

FARIDO SL(ÁRIDOS)

QUIMIASFALT SLL (BETUNS E EMULSIÓNS)

SECIL SL(FORMIGÓNS)

En base o anterior faixe un estudo das distintas unidades de obra acadando unha rebaixa na execución material do 6.76%.

Que revisando o apartado 3.5.8 resumo da oferta, gastos xerais e beneficio industrial, no que se xustifica un importe de **99.253,36€**, conclúese que a licitadora **NEXIA**, non xustificou a cantidade ofertada.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



A vista da documentación revisada o técnico que informa considera que a oferta presentada por **NAROM SL**, (Baixa 25,1%) atopase correctamente xustificada, admitíndoa como válida.

LOTE 2, PAVIMENTACIÓN VILA DE RIBA

EMPRESA	PREZO	GARANTIA	MELLORA
CONSTRUCCIONES PEREZ	51.256,13 €	3	SI
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA	51.261,59 €	2	NON
E.C.CASAS SL	50.901,13 €	3	SI
MARCONSA	54.614,95 €	3	SI
COVIASSTEC SL	47.662,15 €	3	SI
CALDEVERGAZO SL	52.998,00 €	3	NON
NAROM SL	41.452,75 €	3	SI
NEXIA INFRAESTRUCTURAS	50.535,21 €	3	SI



Como se observa no cadro anterior presentáronse 8 empresas:

Construcciones Perez; Obras e Saneamento Galicia; E.C Casas SL; Marconsa; Coviastec sl; Caldevergazo sl; Narom SL; Nexia.

Orzamento de licitación **54.614,95€**, segundo o proxecto. (base imponible 45.136,32€, IVE: 9.478,63€)

Código/s CPV: 44113320-4

Prazo de execución: 20 días

Criterios:

-Prezo

-Ampliación do prazo de garantía

-Melloras

Oferta Económica. (segundo Anexo II)

-Ampliación do prazo de garantía (segundo Anexo II) Non se terá en conta a ampliación do prazo de garantía por enriba dos tres anos (Un ano establecido polo prego e dous anos mais ofertables polas empresas).

-Melloras (segundo Anexo II).

Oferta de **NAROM SL:41.535,75€(Baixa 24.01%)**

Que como resultado da correspondente mesa de contratación, conclúise que a oferta presentada por Narom sl, pode ser considerada desproporcionada ou anormal de conformidade co establecido no art. 149.4 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, neste senso compre indicar o seguinte:

4. Cando a mesa de contratación, ou no seu defecto o órgano de contratación identificase unha ou varias ofertas incursas en presunción de anormalidade, deberá requirir ao licitador ou licitadores que as presentaron dándolles prazo suficiente para que xustifiquen e desagreguen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, ou de custos, ou calquera outro parámetro en base ao cal se definiu a anormalidade da oferta, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes a estes efectos.

A petición de información que a mesa de contratación ou, no seu defecto, o órgano de contratación dirixa ao licitador **deberá formularse con claridade de maneira que estes estean en condicións de xustificar plena e oportunamente a viabilidade da oferta.**

Concretamente, a mesa de contratación ou no seu defecto o órgano de contratación poderá pedir xustificación a estes licitadores sobre aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos da mesma e, en particular, no que se refire a os seguintes valores:



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



- a) O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.
- b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras
- c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- d) O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201.
- e) Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.”

Que o técnico que informa revisou a xustificación presentada por **Narom SL**, caracterizándose a mesma por estar xustificada nos mesmo termos que a do lote 1, polo que a vista da baixa presentada e o importe reducido da obra, considero que se atopa axeitadamente xustificada, polo que se admite como válida.

Compre indicar que no resumo da xustificación da oferta establece un importe xustificado de 40.453,18€ aínda por debaixo do realmente ofertado.

O que informo aos efectos oportunos.

Este documento atopase asinado dixitalmente polo seu autor. “

Visto o informe anterior a mesa decide excluír a oferta da empresa Nexia Infraestructuras S.L. referida ao Lote 1, por non xustificar adecuadamente a temeridade da súa oferta, e considerar xustificadas as Ofertas da empresa Narom SL.

Despois a mesa decide recalcular as puntuacións das ofertas co seguinte resultado:

Lote 1 Pavimentacións en San Xurxo, Cutián, Atalaia e Viación

EMPRESA	PREZO	PUNTOS	GARANTIA	PUNTOS	MELLORA 1	PUNTOS	MELLORA 2	PUNTOS		
CONSTRUCCIONES PEREZ	99.444,09 €	7,98	3	2,00	SI	3,00	SI	1,00		
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA	100.440,12 €	7,90	2	1,33	NON	0,00	NON	0,00		
E.C.CASAS SL	89.218,89 €	8,90	3	2,00	SI	3,00	SI	1,00		
MARCONSA	96.811,72 €	8,20	3	2,00	SI	3,00	SI	1,00		
COVIASSTEC SL	93.568,56 €	8,48	3	2,00	NON	0,00	SI	1,00		
CALDEVERGAZO SL	105.028,00 €	7,56	3	2,00	SI	3,00	SI	1,00		
NAROM SL	79.364,54 €	10,00	3	2,00	SI	3,00	SI	1,00		
MELLORA 3	PUNTOS	MELLORA 4	PUNTOS	MELLORA 5	PUNTOS	MELLORA 6	PUNTOS	MELLORA 7	PUNTOS	TOTAL
SI	1,00	SI	2,00	SI	1,00	SI	5,00	SI	3,00	25,98
NON	0,00	NON	0,00	NON	0,00	NON	0,00	NON	0,00	9,24
SI	1,00	SI	2,00	SI	1,00	SI	5,00	SI	3,00	26,90
SI	1,00	SI	2,00	SI	1,00	SI	5,00	SI	3,00	26,20
SI	1,00	NON	0,00	SI	1,00	SI	5,00	NON	0,00	18,48
SI	1,00	NON	0,00	SI	1,00	SI	5,00	NON	0,00	20,56
SI	1,00	SI	2,00	SI	1,00	SI	5,00	SI	3,00	28,00



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



Lote 2 Pavimentación Vila de Riba

EMPRESA	PREZO	PUNTOS	GARANTIA	PUNTOS	MELLORA	PUNTOS	TOTAL
CONSTRUCCIONES PEREZ	51.256,13 €	8,09	3	2,00	SI	9,00	19,09
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA	51.261,59 €	8,09	2	1,33	NON	0,00	9,42
E.C.CASAS SL	50.901,13 €	8,14	3	2,00	SI	9,00	19,14
MARCONSA	54.614,95 €	7,59	3	2,00	SI	9,00	18,59
COVIATEC SL	47.662,15 €	8,70	3	2,00	SI	9,00	19,70
CALDEVERGAZO SL	52.998,00 €	7,82	3	2,00	NON	0,00	9,82
NAROM SL	41.452,75 €	10,00	3	2,00	SI	9,00	21,00
NEXIA INFRAESTRUCTURAS	50.535,21 €	8,20	3	2,00	SI	9,00	19,20

Consta inscrición de NAROM S.L. no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (2260).

Examinada a documentación obrante no expediente, de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público, na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares a Mesa de Contratación,

RESOLVE:

1.Declarar válido o acto de licitación.

2.Emitir proposta de adxudicación do lote 1 “Pavimentación San Xurxo” e do Lote 2 “Pavimentación Vila de Riba” en favor da empresa NAROM SL, ao constituír as ofertas máis ventaxosas non incurso en presunción de temeridade de acordo cos antecedentes anteriores.

3.Notificar electrónicamente a NAROM S.L. e requirirlle, como oferta economicamente máis ventaxosa non incurso en temeridade para que, dentro do prazo de **SETE DÍAS HÁBILES** seguintes á recepción da presente comunicación, aporten:

Constitución da garantía definitiva por importe de:

Lote 1 Pavimentación San Xurxo, Cutián, Atalaia e Viascón: 3279,53€.

Lote 3: Pavimentación Vila de Riba 1712,92€.

4.Advirteselle que, de no cumprimentar adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que retiraron a súa oferta, procedéndose a esixirille o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

5.Notificar a presente Resolución ao interesado.”

Sen outro asunto que tratar a Mesa levanta a súa sesión ás 13:15 horas.

Cerdedo-Cotobade

O secretario da Mesa

Francisco Javier Dapena Galindo

(documento asinado dixitalmente á marxe)